

CONCURSO DE IDEAS “CREA ECONOMÍA SOCIAL 2021”

BASES DO CONCURSO

1. OBXECTO	1
2. OBXECTIVO	1
3. PERSOAS BENEFICIARIAS	2
4. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR	2
4. CRITERIOS DE VALORACIÓN	3
5. MODALIDADES DO CONCURSO	3
6. PREMIOS	3
7. O XURADO	4
8. OBRIGACIÓN DOS PARTICIPANTES	4
9. OBRIGACIÓN DA ORGANIZACIÓN	5
10. ACORDO DE CONFIDENCIALIDADE	5

1. OBXECTO

A **Universidade de Vigo (UVigo)** xunto coa **Asociación de Jóvenes empresarios de Pontevedra (AJE Pontevedra)** no marco **da Rede Eusumo**, unha rede de colaboración impulsada pola Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social en Galicia, organiza o CONCURSO DE IDEAS “CREA ECONOMÍA SOCIAL 2021”, coa finalidade de fomentar e incentivar a cultura emprendedora nas áreas del CAMPUS CREA (artes, comunicación e creatividade; educación, innovación social e xestión pública; deporte, saúde e benestar; e medio ambiente e natureza), áreas de estudo de gran índole social e que son áreas asociadas a sectores tradicionalmente moi vinculados coa xeración de autoemprego.

No que respecta a economía social con concretar que a representan tanto formas empresariais (cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción e centros especiais de emprego), como organizacións non lucrativas (asociacións, fundacións, ONG de Desenvolvemento...), ambas ao servizo das persoas socias ou da comunidade e respectando criterios de xestión democrática e de atribución de resultados non vinculadas ao capital.

2. OBXECTIVO

O concurso pretende fomentar o espírito emprendedor a través da creatividade das persoas participantes e sobre a base dun enfoque integral (social, económico, medioambiental, cultural...), motivando a estudantes, Persoal Docente e Investigador (PDI), Persoal de Administración e Servizos (PAS) do Campus CREA de PONTEVEDRA e persoas emprendedoras en xeneral a que apliquen os seus coñecementos e experiencias profesionais con obxecto de desenvolver servizos e produtos que sexan viables economicamente e, á vez, socialmente útiles.

Aquelas persoas interesadas en continuar traballando sobre a idea de negocio proposta no concurso serán informadas de iniciativas de formación, financiamento e acompañamento para que a idea de negocio deseñada se poida ir concretando nun plan de empresa mais detallado, sempre e cando se enfoque na creación dunha entidade de economía social.

3. PERSOAS BENEFICIARIAS

Poden participar no **CONCURSO DE IDEAS CREA ECONOMÍA SOCIAL 2021** calquera persoa ou grupo que teña unha idea de empresa de economía social para a súa implantación na Comunidade Autónoma de Galicia.

En concreto o concurso esta deseñado para a participación de:

- Estudantes do Campus CREA de PONTEVEDRA
- Persoal Docente e Investigador (PDI) do Campus CREA de PONTEVEDRA
- Persoal de Administración e Servizos (PAS) do Campus CREA de PONTEVEDRA
- Persoas emprendedoras en xeneral.

Non se aceptará a participación de empresas constituídas oficialmente con anterioridade á data de peche do concurso. Cada grupo ou persoa individual poderá presentar cantas ideas de negocio desexe.

4. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

A documentación a presentar está dispoñible en www.creaeconomiasocial.com

Tamén se recolle información do proceso na web de AJE Pontevedra <http://www.ajepontevedra.es/> e na da Universidade de Vigo <https://www.uvigo.gal/campus/pontevedra-campus-crea> .

As ideas de negocio terán que ser enviadas por correo electrónico a contacta@creaeconomiasocial.com antes do **13 de outubro de 2021 ás 14.00 horas**.

A persoa ou persoas participantes no **CONCURSO DE IDEAS CREA ECONOMÍA SOCIAL 2021** deberán presentar a través dun formulario aloxado na landing page www.creaeconomiasocial.com un documento no que se detalle a seguinte información:

1. Identificación da persoa ou persoas participantes (nomes, apelidos, número de DNI, data de nacemento, dirección postal, teléfono e correo electrónico de contacto).
2. Categoría na que participa, sendo unha das seguintes:
 - Mellor idea de negocio en artes, comunicación e creatividade
 - Mellor idea de negocio en educación, innovación social e xestión pública
 - Mellor idea de negocio en deporte, saúde e benestar
 - Mellor idea de negocio en medio ambiente e natureza

3. Unha descrición da idea e problema/necesidade que resolve que non debe exceder de tres páxinas en word/pdf tamaño A4 e/ou vídeo (de unha duración máxima de 1 minuto), que dea resposta aos seguintes interrogantes:
- Nome da idea/proxecto (se o houbese).
 - Descrición da idea e problema/necesidade que resolve.
 - Produto ou servizo que se pretende comercializar.
 - Novidade ou innovación que achega o proxecto (se a houbese).
 - Colectivo ao que se atende e necesidade á que responde a proposta de emprendemento social e cooperativo.
 - Características que fan que o produto ou servizo poida ser considerado socialmente útil.
 - Compoñente tecnolóxico (se o houbese)
 - Impacto social (se o houbese)
 - Perfil das persoas profesionais para desenvolver a

Coa finalidade de axudar ao desenvolvemento das ideas de negocio en economía social, antes de que finalice o prazo de presentación de ideas desenvolverase unha acción formativa en materia de Design Thinking na que se abordara a solución de problemas identificados, deseño de produtos e servizos adaptados a unha realidade social e económica, deseño de procesos de compra e venta e casos de éxito e networking entre participantes.

4. CRITERIOS DE VALORACIÓN

3

Para a valoración das ideas de emprendemento en economía social, terase en consideración os seguintes criterios:

- Orixinalidade e carácter innovador da actividade proposta e asociada a área de coñecemento na que participan.
- O potencial da empresa proposta para converterse nun proxecto empresarial e o seu nivel de desenvolvemento.
- Grado de impacto na sociedade e valor social.
- Vantaxes competitivas no mercado.

5. MODALIDADES DO CONCURSO

O concurso preséntase en distintas modalidades:

- 1. Mellor idea de negocio en artes, comunicación e creatividade**
- 2. Mellor idea de negocio en educación, innovación social e xestión pública**
- 3. Mellor idea de negocio en deporte, saúde e benestar**
- 4. Mellor idea de negocio en medio ambiente e natureza**

6. PREMIOS

Outorgaranse os seguintes premios en cada unha das modalidades do **CONCURSO DE IDEAS CREA ECONOMÍA SOCIAL 2021**:

- **PREMIO Á MELLOR IDEA EN CADA UNHA DAS CATEGORÍAS:**
Concederase un **PREMIO DE 250 EUROS** en cada unha das categorías á persoa ou persoas integrantes do grupo cuxa idea sexa a mais valorada polo xurado na categoría correspondente.
- **ACCÉSIT EN CADA UNHA DAS CATEGORÍAS:**
Concederase un accésit á idea que recibiu a segunda maior puntuación en cada unha das categorías que consistirá en:

***COTA DE BALDE NA ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA
DURANTE 12 MESES***

Isto convela que durante este período, as persoas integrantes de cada un dos grupos agraciados con este accésit terán a posibilidade de beneficiarse de todos os servizos que ofrece AJE aos seus asociados:

- Apoio e asesoramento para a creación de empresas
- Networking en eventos e actividades organizadas que redunde no beneficio da cidade
- Seminarios e cursos de formación
- Acceso a espazos de exposición, espazos comúns de traballo, etc.
- Publicidade en páxina web e redes sociais
- Acceso a convenios de aforro con diversas entidades.
- Información constante sobre eventos, premios e programa de emprendemento.

4

Detallar que o uso dos espazos dependerán da dispoñibilidade no momento en que o soliciten á asociación.

Por decisión do xurado, o premio e/ou o accésit poden declararse desertos si as ideas de negocio non logran un determinado nivel de calidade e orixinalidade a xuízo do xurado. O fallo do xurado será inapelable e coñecerase o **20 de outubro do 2021**. A comunicación dos resultados farase directamente, por teléfono ou correo electrónico, ao representante de cada proxecto.

Polo mesmo medio informarase do lugar, día e hora do acto público de entrega do premio, que, non obstante, está fixado para o **venres, 22 de outubro**, no acto entrega de premios na Casa das Campás de Pontevedra.

7. O XURADO

Os proxectos serán sometidos á consideración dun xurado, que será o órgano responsable da selección dos premiados.

8. OBRIGACIÓN DOS PARTICIPANTES

A presentación da solicitude de participación no **CONCURSO DE IDEAS CREA ECONOMÍA SOCIAL**

2021 leva implícita a aceptación das bases, así como de calquera resolución que se adopte por incidencias non previstas, tanto pola organización como polo xurado do concurso. A resolución do xurado será inapelable.

Polo menos unha das persoas integrantes do proxecto deberá estar presente na entrega dos premios para recibilo. Os participantes responden ante os promotores deste concurso da autoría e a orixinalidade dos proxectos que presenten.

9. OBRIGACIÓN DA ORGANIZACIÓN

A organización comprométese a:

- Informar de todo o proceso para que as persoas participantes concursen en igual de oportunidades.
- Notificar os cambios na maior brevidade aos participantes.
- Manter a privacidade dos proxectos de todas as persoas participantes.

10. ACORDO DE CONFIDENCIALIDADE

Con relación ao mantemento da privacidade dos proxectos presentados, o Xurado do **CONCURSO DE IDEAS CREA ECONOMÍA SOCIAL 2021** fará o seguinte tratamento da información que achegan os concursantes:

- O título do proxecto, tal e como se presenta no documento entregado para a participación no concurso, será de dominio público.
- O uso da información facilitada estará limitada á avaliación dos proxectos.
- O comité organizador do concurso poderá pór a información entregada a disposición das persoas involucradas no proceso de selección dos proxectos (membros do xurado). Todas estas persoas estarán obrigadas polos termos deste acordo de privacidade.
- En ningún caso, a información facilitada será transmitida ou comunicada a persoas ou entidades públicas ou privadas, sen o consenso e a autorización dos autores.
- Durante o desenvolvemento do concurso, e tamén posteriormente, serán feitos públicos exclusivamente os títulos e os detalles do proxecto que os autores acepten como necesarios para obter notoriedade pública.

“Esta actividade enmárcase no programa de actuación 2021 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Traballo e Economía Social”